



**MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA,
POPULAR, COMPOSTELA ABERTA E BNG, PARA APOIAR A
CANDIDATURA DO DR. ÁNGEL CARRACEDO E SIR ALEC JEFFREYS
AOS PREMIOS PRINCESA DE ASTURIAS**

O doutor Carracedo, investigador e docente da Universidade de Santiago (USC) é unha das figuras máis representativa da Medicina forense a nivel mundial, destacando pola súa contribución á patoloxía forense coa introdución da autopsia molecular.

O actual presidente da Academia Internacional de Medicina legal, no campo da xenética clínica e medicina xenómica ten realizado contribucións relevantes no coñecemento da causa xenética das enfermidades, promovendo a creación da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, que dirixe desde entón, o centro de maior volume de España no diagnóstico de enfermidades xenéticas.

Ademais, o profesor Carracedo tamén creou e dirixe o Centro Nacional de Genotipado, a infraestrutura IMPaCT Xenómica para o desenvolvemento da Medicina personalizada en España e a infraestrutura Innopharma e Fundación Kaertor para o desenvolvemento de fármacos en fase preclínica. Os seus grupos de traballo e investigación son lugares de excelencia onde se forman científicos de todo o mundo que protagonizan moitos dos avances máis importantes no campo da xenética forense.

Pola súa banda, o doutor británico Sir Alec Jeffreys, nado en 1950 en Oxford, centrou as súas investigacións en explorar a diversidade do ADN humano e os procesos de mutación que crean esta diversidade; sendo un dos primeiros investigadores en descubrir a variación herdada no ADN humano.

Sen dúbida, a súa gran achega científico-técnica foi o descubrimento da pegada de ADN, mostrando como se pode empregar para resolver problemas de identidade e parentesco, e abrindo o campo do ADN forense. O impacto posterior do ADN na resolución de casos de paternidade e inmigración, a captura de delincuentes e a liberación de inocentes foi extraordinario, afectando directamente á vida de millóns de persoas en todo o mundo.



O seu traballo tivo como obxectivo tratar de comprender como se xera a variación no ADN humano, mediante o desenvolvemento de técnicas novas e moi potentes para detectar cambios espontáneos na información xenética a medida que se transmite de pais a fillos.

Os descubrimentos do profesor Jeffreys abriron un inmenso campo de posibilidades para a aplicación práctica dos polimorfismos de ADN ás ciencias forenses, desenvolvementos que foron liderados polo doutor Ángel Carracedo nos últimos 25 anos.

Sobre a base do achado científico do Dr. Jeffreys, o doutor Ángel Carracedo describiu os primeiros STRs; foi pioneiro no uso de ADN mitocondrial na práctica forense (crime de Alcasser, 2000); no uso de multiplexes de cromosoma e; na análise de SNP para o recoñecemento de vítimas de grandes catástrofes naturais (Tsunami asiático, 2004) ou en casos complexos de parentesco (identificación do fillo de Clara Rojas, Colombia); e máis recentemente, no fenotipado forense por ADN, que facilita a determinación de ancestralidade, determinación da idade ou a pigmentación, contribuíndo á resolución de casos policiais complexos (Operación Mindstead - UK, 2009-; asasinato de Eva Blanco -1997; probas do atentado do 11- M).

O profesor Alec Jeffreys debe de ser considerado como o descubridor do 'ADN fingerprint', a pegada xenética, coa que se revolucionou a Medicina forense, a investigación policial e as resolucións xudiciais; e o profesor Carracedo, debe de ser recoñecido como o seu máximo innovador, con avances importantes que permitiron a súa aplicación, cunha contribución decisiva á estandarización e á aplicación das probas de ADN na práctica forense. Deste xeito, o traballo do doutor Carracedo foi a punta de lanza para toda a comunidade internacional na estandarización e validación de marcadores para a utilización da pegada de ADN, participando en organismos reguladores como o Forensic DNA Regulator (Reino Unido), e na Comisión Nacional para o uso Forense do ADN.



ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda apoiar a candidatura do Dr. Ángel Carracedo e Sir Alec Jeffreys aos premios Princesa de Asturias presentada pola Xunta de Galicia. Do presente acordo daráse traslado á Fundación Princesa de Asturias.

Gumersindo Guinarte Cabada
Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Voceiro do Grupo Municipal do PP

Marta Lois González
Voceira do Grupo Municipal de CA

Goretti Sanmartín Rei
Voceira do Grupo Municipal do BNG